LIONEL

Carlos Saiz, 2025

1825

ESTREA EN NUMAX: 11.09.2026 | V.O. | +16 | 95 min

Cando Lionel acepta viaxar co seu distante pai para visitar a súa irmá en Francia, o que comeza como unha simple viaxe por estrada vira nun estrondoso axuste de contas. Entre camiños descoñecidos e recordos non falados, Lionel vese na obriga de poñer distancia dentro da súa propia familia e a buscar unha posibilidade de que algúns lazos aínda poidan reconstruírse.

«Impresionante, radical e inaudita: un dos milagres do ano»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Carlos Saiz: «A masculinidade e a herdanza familiar son o motor da película»

Traballas con actores non profesionais que se interpretan a si mesmos. Que retos e que descubertas che deu este método de dirección? En canto ao reto principal, tíveno clarísimo desde o inicio: se queriamos retratar a esencia de Lionel, do seu pai e da súa irmá, a familia tiña que sentirse cómoda. Cal era o problema? Que, para darlle ese look de road movie de ficción que buscabamos, os equipos de cámara eran grandes. O reto foi ese: a adaptación. Tivemos que adaptarnos todos: a familia, que non estaba acostumada, e eu mesmo, que nunca rodara cun equipo tan grande. Para logralo, a curtametraxe *La hoguera* (2020) foi primordial. Foi unha especie de rito de paso: primeiro gravaba co móbil, logo cunha cámara pequena da escola, logo cun equipo reducido de catro ou cinco persoas... Aos poucos, fomos escalando. Este proceso non só nos serviu para adaptarnos ás cámaras, senón que foi clave para gañar a súa confianza. Eles viron que o proceso era estimulante e divertido, non unha agresión á súa intimidade. Co paso do tempo, e ao ver que a curta saíu ben, entenderon que o proxecto só podía traer cousas positivas.

Hai algo que non foi buscado e que me explotou nas mans: a película converteuse nunha especie de terapia para eles. Non é que eu sexa terapeuta, pero a cámara e a miña figura actuaron como un catalizador para que puidesen relacionarse, enfrontarse ao seu pasado e a problemas que arrastraban. Por exemplo, Lionel ao principio non era capaz de ver o seu pai a soas. Con todo, grazas á escusa da película, aceptaban ter conversas importantes, e moitas veces, por primeira vez, diante da cámara. Isto foi o grande achado que fixo que todo fose tan de verdade e tan orixinal, tan 'a primeira vez que sucedía'. Foi posible pola confianza que puxeron en min e, creo, pola súa necesidade de ter axentes externos como testemuñas. Isto quitoulle todo o dramatismo á idea de 'estoume metendo nas súas vidas', porque ao final, a experiencia permitiulles achegarse e atoparse como familia.

Falaches da masculinidade, da herdanza familiar e de como se repiten certos patróns entre xeracións. Que conversa che gustaría abrir con Lionel arredor destes temas? A masculinidade e a herdanza familiar son o motor da película, porque a propia realidade de Lionel e o seu pai dábanos un contraste brutal. O pai ten unha masculinidade moi arcaica, case doutra xeración, mentres que Lionel presenta unha masculinidade moito máis contemporánea. Interesábanos mostrar que os malos non son tan malos nin os bos son tan bos. Queriamos ver como, a pesar desa fachada moderna, Lionel herda certos patróns do pai. A evolución non é tan abrupta entre xeracións, e éranos crucial mostrar como se parecen, sen caer no estereotipo do 'pai imperfecto' e o 'fillo perfecto'.

A conversa que me gustaría abrir coa película, sobre todo, ten que ver coa masculinidade da miña propia xeración. O punto de vista da película está en Lionel porque as súas preguntas resoan e min. Interésame ver como esa fachada de masculinidade contemporánea, que é súper respectuosa, ás veces fraquea en momentos de debilidade. Ademais, o personaxe de Alicia, a irmá, funciona como un contrapunto esencial: ela representa unha forza e independencia tremenda, unha figura emancipada.

Publicada en sideralcinema.com